

CS AUTOMOCIÓN

Grao: Superior (LOE).

Oferta do CIPFP a Xunqueira:

- Réxime Modular ou de persoas adultas, modalidade presencial.

Duración: 2000 horas

Qué título se obtén?: Técnico/a superior en automoción.

Temporalización:

Réxime Modular (duración variable, matrícula por módulos). Duración mínima:

1º ano: de setembro a xuño.

2º ano: de setembro a xuño

3º ano: formación en centros de traballo (384 h) e proxecto en automoción (26 h) de setembro a decembro ou en calquera dos seus períodos extraordinarios (xaneiro-marzo, abril-xuño, setembro-decembro)

Que se aprende a facer?

Organizar, programar e supervisar a execución das operacións de mantemento e a súa loxística no sector da automoción, diagnosticando avarías en casos complexos, e garantindo o cumprimento das especificacións establecidas pola normativa e polo fabricante do vehículo.

En que ámbitos se traballa?

No sector de construción e mantemento de vehículos, nos subsectores de automóviles, vehículos pesados, tractores, maquinaria agrícola, de industrias extractivas, de construción e de obras públicas. Compañías de seguros. Empresas fabricantes de vehículos e compoñentes. Empresas dedicadas á inspección técnica. Laboratorios de ensaios de conxuntos e subconxuntos de vehículos. Empresas dedicadas á fabricación, a venda e a comercialización de equipamentos de comprobación, diagnose e recâmbios de vehículos. Empresas de flotas de alugamento de vehículos, servizos públicos, e transporte de pasaxeiros e de mercadorías.

Ocupacións e postos de traballo máis relevantes

Xefe/a da área de electromecánica. Recepcionista de vehículos. Xefe/a de taller de vehículos de motor. Encargado/a de ITV. Perito/a taxador/ora de vehículos. Xefe/a de

servizo. Encargado/a da área de recambios. Encargado/a da área comercial de equipamentos relacionados cós vehículos. Xefe/a da área de carrozaría: chapa e pintura.

Acceso a outros estudos: Universidade, con posibilidade de validación de asignaturas dos estudos de Grao.

Normativa:

*[Real decreto 1796/2008, do 3 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en automoción e as súas correspondentes ensinanzas mínimas](#) (BOE 25/11/2008).

*[Decreto 32/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en automoción.](#) (DOG 23/03/2003)

MÓDULOS	HORAS
Primeiro curso	
Elementos amovibles e fixos non estruturais	213
Formación e orientación laboral	107
Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares	267
Sistemas eléctricos e de seguridade e confortabilidade	240
Xestión e loxística do mantemento de vehículos	133
Segundo curso	
Empresa e iniciativa emprendedora	53
Estruturas do vehículo	123
Formación en centros de traballo	384
Proxecto en automoción	26
Sistemas de transmisión de forzas e trens de rodaxe	209
Técnicas de comunicación e de relacións	53
Tratamento e recubrimento de superficies	192
Total	2000

*Os módulos en negra están asociados a alguna unidade de competencia.

Requisitos de acceso:

Podes acceder a un ciclo de **grado superior** cando reúnas algún dos seguintes requisitos:

Acceso **directo**:

- Estar en posesión do **título de Bacharelato** ou dun nivel académico superior.
- Estar en posesión dun título de Técnico superior ou de Técnico Especialista ou equivalente a efectos académicos.
- Ter superado o COU

Acceso mediante **proba** (para os que non teñan algún dos requisitos anteriores)

- Ter superado a proba de acceso a ciclos de grao superior (requerirase ter, dezanove anos cumpridos no ano de realizar a proba ou dezaioito no caso de ter un título de técnico dunha familia profesional da mesma opción).
- Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.